

Criterios de promoción para a avaliación do alumnado

No remate dos cursos de segundo, cuarto e sexto de educación primaria o equipo docente de cada grupo será o encargado, na sesión de avaliación final, da toma de decisións da promoción do alumnado. Dita decisión será acordada por dito equipo, tendo en conta os seguintes criterios:

1. Non promocionará aquel alumnado que non supere tres ou máis materias.
2. De darse o caso, o equipo docente terá en conta os seguintes aspectos:
 - Aspectos relacionados coas relacións e emocións.
 - Evolución do alumno ou alumna durante o curso.
 - Análise pormenorizada do seu grupo e do grupo que pasaría a formar parte: Números de alumnado, necesidades no mesmo, entre outros.
 - Grado de adquisición das competencias básicas.
 - Informe da persoa titora: adaptación ao grupo, nivel académico, evolución durante os dous cursos, grado de madurez, etc.
 - Informe do D.O.

En todo caso, cando se prevé que a decisión que adoptará o equipo docente pode ser a non promoción, o titor ou titora deberá citar a familia para darlles a información; recollerá por escrito o tratado na entrevista e trasladará a súas conclusións a xunta de avaliación. Estas conclusións ou impresións dos pais/nais nunca serán vinculantes na decisión do equipo docente, que tomará por consenso a decisión relativa a promoción do alumnado.

A promoción nos demais cursos da etapa, sendo así primeiro, terceiro e quinto, será automática.

Ares , 4 de maio de 2022